

**ACORDO do 3 de setembro do 2026, do tribunal encargado de cualificar o proceso, convocado mediante a Resolución do 16 de maio do 2025 da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia selectivo para o ingreso pola quenda de promoción interna e mediante o sistema de concurso-oposición para o ingreso como persoal laboral fixo nas categorías de Técnico/a de administración e Oficial administrativo/a, pola que se dá publicidade ás puntuacións definitivas do primeiro exercicio.**

En sesión que tivo lugar o día 3 de setembro do 2026, o tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo para o ingreso pola quenda de promoción interna como persoal laboral fixo na CSAG, nas categorías de **técnico/a de administración e oficial administrativo/a**, nomeado pola Resolución do 6 de marzo de 2026,

### **ACORDOU**

**PRIMEIRO.-** Elevar a definitivas as notas provisionais da proba tipo test por non se teren presentado alegacións no prazo previsto.

**SEGUNDO.-** Publicar, como anexo a esta resolución, as puntuacións definitivas obtidas polas persoas aspirantes presentadas ao primeiro exercicio do proceso selectivo no portal web corporativo da CSAG.

De acordo co establecido por este tribunal por Acordo do 20 de maio do 2026 e consonte a Base III.1.1 da convocatoria, superarán a proba todas as persoas aspirantes que obteñan un mínimo do 50% das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes. O exercicio cualificouse de 0 a 60 puntos, sendo necesario un mínimo de trinta (30) puntos para superalo.

**TERCEIRO.-** Contra a presente resolución as persoas aspirantes poderán presentar recurso de alzada ante a Dirección Xeral da Corporación no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución na páxina web da CSAG, consonte co establecido nos artigos 112, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Os recursos serán presentados nas oficinas de Rexistro da Xunta de Galicia, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia polo procedemento PR004A e nos demais lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 3 de setembro do 2026

O presidente do tribunal

Alfonso García Magariños

## **ANEXO: NOTAS DEFINITIVAS**

| <b>CATEGORÍA: TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN</b> |                                      |             |
|-----------------------------------------------|--------------------------------------|-------------|
| <b>NIF</b>                                    | <b>Apellidos e nome</b>              | <b>NOTA</b> |
| ***9884**                                     | CRISTOBO GOMEZ, ARACELI              | 52,50       |
| ***6466**                                     | DOMINGUEZ GONZALEZ, MARIA DEL CARMEN | 46,07       |
| ***9680**                                     | SUAREZ GOMEZ, ANA BELEN              | 26,79       |

| <b>CATEGORÍA: OFICIAL ADMINISTRATIVO/A</b> |                         |             |
|--------------------------------------------|-------------------------|-------------|
| <b>NIF</b>                                 | <b>Apellidos e nome</b> | <b>NOTA</b> |
| ***9909**                                  | RODRIGUEZ GARCIA, JULIO | 37,20       |